



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 15 DE ABRIL DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día quince de abril de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de abril de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitude de información urbanística interesada por **DON CESAR MANUEL GARCÍA ÁLVAREZ con DNI nº 34.959.767-C**, con domicilio a efectos de notificación en Ventosela, Ribadavia, con número de expediente **RIB/C/24/13**. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 09.04.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Estrada N-120 nº 5 – Valdepereira – San Paio (Ref. Catastral 2742801NG7824S0001QQ), en Ribadavia, a solicitude de Don Cesar Manuel García Álvarez, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar con data RE 9 de abril de 2013 nº RE 2001, relativa a anulación de sanción por infraccións na orde social.
2. Escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras con data RE 15 de abril de 2013 nº RE 2084, reativo a autorización para ocupación da estrada para celebración da 50 edición da Feira do Viño do Ribeiro.
3. Escrito do Valedor do Pobo con data RE 3 abril de 2013 nº RE 1592, en resposta ao escrito de queixa presentado polo Sr. Alcalde.
4. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 10 abril de 2013 nº RE 2032, relativa a continuación do proxecto Rede de Municipios Ourenseiros cara a sustentabilidade.
5. Comunicación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade con data RE 11 de abril de 2013 nº RE 2041, reativo a concesión de subvención por importe 16.885 euros dentro do programa a “Xunventude en Acción”.
6. Comunicación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade con data RE 11 de abril de 2013 nº RE 2042, reativo a subsanación de deficiencias para concesión definitiva da subvención antedita.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO.-

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2013, por importe de 234.384,71 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 16 de Abril e o 17 de Xuño de 2013.”

ACEPTACIÓN DE DONACIÓN.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda a aceptación do inmovible sito en San Cristovo pertencente a Don Antonio González Fernández, coas seguintes características: Casa de planta alta de noventa metros cadrados, con un patio na súa fronte de sesenta e catro metros cadrados e con dous resios, un ao este de vinte centiareas e outro ao suroeste de sesenta metros cadrados, cun palleiro e alpendre que ocupan unha superficie de sesenta metros cadrados



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR OMX.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 12.04.2013 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de auxiliar OMX

Non expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 15.04.2013.
2. Informe de intervención de data 15.04.2013.
3. Informe xurídico de data 15.04.2013..

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de auxiliar OMX.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



